

**AMNISTÍA
INTERNACIONAL**



O curso académico 2025-2026 termina e agradecemosvos todo o voso traballo co alumnado nas accións de Amnistía Internacional e a vosa implicación na defensa dos dereitos humanos.

No próximo curso 2026-27 proporémosvos actividades sobre os seguintes temas, para que os teñades en conta na planificación docente. Podes descargar o calendario en PDF en “Para máis información” (no lado dereito).

Ademais, haberá accións e recursos educativos sobre outros temas de dereitos humanos que iremos publicando e acerca dos que informaremos a través do boletín que enviamos periodicamente. Para calquera dúbida, podedes escribir a redescuelas@es.amnesty.org.

Desexámosvos un bo verán!

<p>Setembro 2026</p> <p>Vivenda</p>	<p>A vivenda ten sido un dereito historicamente desprotexido en España. Ofrecerémosvos uns materiais educativos para concienciar sobre o impacto que supón que a vivenda se considere un ben de consumo e investimento, en lugar dun dereito humano.</p>
<p>Outubro 2026</p> <p>70: terceiro aniversario do xenocidio israelí contra a poboación palestina de Gaza</p> <p>100: Día Internacional contra a pena de morte</p>	<p>Seguiremos concienciando sobre a grave crise de dereitos humanos que se está a vivir no Territorio Palestino Ocupado. Este ano publicaremos novos materiais sobre a grave crise de dereitos humanos que se vive en Gaza e Cisjordania.</p> <p>No ano 2025, Amnistía Internacional rexistrou polo menos 2707 execucións en 17 países en todo o mundo. É a cifra máis elevada rexistrada por Amnistía Internacional desde 1981. Publicaremos novos materiais para concienciar contra esta práctica inhumana.</p>
<p>Novembro 2026</p> <p>20N: Día Mundial da Infancia</p> <p>25N: Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller</p> <p>30N: Día Internacional de Cidades pola Vida</p>	<p>“Dereitos á acción” é o lema que a Plataforma de Organizacións de Infancia escolleu para o Día Mundial da Infancia 2026. O obxectivo é que a voz da infancia sexa escoitada e que as súas opinións e propostas se teñan en conta. Desde Amnistía sumarémonos a que as súas voces sexan escoitadas.</p> <p>Tendes á vosa disposición unha exposición nova co título “Só si é si” (contacta co teu Grupo Local de AI máis próximo) e os talleres que elaboramos sobre violencia sexual e consentimento.</p> <p>Volveremos a propor accións de mobilización para que desde as escolas vos sumedes á iniciativa internacional “Cidades pola Vida”. A través de “Escolas pola vida”, poderedes actuar desde os centros</p>

	educativos contra a pena de morte.
<p>Decembro 2026</p> <p>10D: Día Internacional dos Dereitos Humanos</p> <p>Xaneiro 2027</p> <p>31X: Día Escolar da Paz e da Non-Violencia</p>	<p>Participaremos un ano máis no maratón de envío de cartas “Escribe polos dereitos”, na que nos uniremos á mobilización mundial de millares de persoas ao mesmo tempo para que se respecten os dereitos humanos de persoas vítimas.</p> <p>Integraremos nesta acción a nosa tradicional proposta de “Regala as túas palabras”, na que estudantes e profesorado poderán facer chegar, mediante postais, palabras de alento e solidariedade a persoas presas de conciencia en todo o mundo.</p>
<p>Marzo 2027</p> <p>8M: Día Internacional da Muller</p> <p>21M: Día Internacional de Eliminación da Discriminación Racial</p>	<p>Arredor do 8 de marzo realizaremos propostas para traballar os dereitos humanos da muller e participar na mobilización que Amnistía Internacional e outros colectivos farán en toda España.</p> <p>Marzo tamén é o mes para loitar contra a discriminación racial. Como todos os anos, faremosvos chegar propostas educativas e de acción baseadas na campaña que elaborem xunto con colectivos e organizacións antirracistas. Entre outras cuestións, abordaremos os discursos de odio.</p>
<p>Abril 2027</p> <p>7A: Día Mundial da Saúde</p>	<p>O dereito á saúde de nenos, nenas e adolescentes está a ser seriamente ameazado, en gran parte polas tecnoloxías dixitais. Temos varios materiais sobre redes sociais e saúde mental, e publicaremos novos materiais centrados no acoso (incluído o ciberacoso).</p>
<p>Maio e xuño 2027</p> <p>5X: Día Internacional do Medio Ambiente</p> <p>Memoria Histórica e Democrática</p>	<p>Os dereitos humanos están estreitamente relacionados co cambio climático. Como nesas datas estará próximo o final de curso, proporemos, a partir de maio, actividades de sensibilización para realizar en todo o centro educativo ou en pequenos grupos.</p> <p>Coñecer o pasado é necesario para sandar as feridas, ofrecerlles xustiza ás vítimas e reconstruír unha sociedade democrática sobre unhas bases sólidas. Propómosvos realizar estes talleres sobre o franquismo e os dereitos humanos na aula antes de que finalice o curso. Tamén tendes estes materiais relacionados co documental “El silencio de otros”.</p>
<p>Todo o curso académico 2026-2027</p>	<p>Para dar a coñecer a Declaración Universal dos Dereitos Humanos, tendes á vosa disposición a exposición sobre dereitos humanos en viñetas, en colaboración con Frente Viñetista.</p> <p>E ademais renovamos a colaboración con Frente Viñetista. Non perdades a oportunidade de organizar talleres prácticos coa participación de humoristas gráficos de renome para traballar de forma práctica e desde o humor gráfico temáticas de dereitos humanos.</p>

	<p>Igualmente, seguiremos moi atentas á actualidade internacional, reaccionando e propondo accións segundo corresponda. Por exemplo, ao longo do curso proporémosvos talleres sobre prácticas autoritarias.</p>
--	---